

Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no Día de Rosalía de Castro 2025

SAÚDE E TERRA!

Saúde e força, animais terrestres!

Saúde e força, para reclamarmos o dereito de vivirmos en galego, para sermos Galiza, esa palabra que nos sinala.

Cantarte hei Galiza, na lingua galega, que así mo pediron, que así mo mandaron.

Saúde, para a lingua pola que somos e seremos na terra que camiñamos, cuberta de palabras en todas as estacións do ano, de herbas e flores, de ventos que zoan cantigas e ríos e regatos pequenos, fervedoiros de arte a remexer pelouros... Palabras que nadan mares e bican cons, furnas e puntas sinaladas... Palabras, rapaciñas do lugar, palabras, toleirona mocidade.

Saúde para a lingua!

A lingua de Nós que quere facer bárbara e que con razóns e coñecementos espurios despreza, quen deserta da lama, da area, da laxe, da curota, por un banco de plástico dourado na opereta madrileña, que confunde coa antesala das portas do Parnaso. Tristes e vellos entes literarios, de vós, nada aprenderán en Terras de deserto, e nada tendes que ofrecer, tan lonxe da forza sedutora, da innovación na palabra travestida en cabaleiro das botas azuis, trasno lúcido e único... Tristes entes, que querendo repenigar e bailar na festa ao mesmo tempo, regresan en texto traducido, agora pola IA e, sen vergoña, entran nos concursos literarios para representaren a nosa cultura.

Entes de lingua bífida, da Galicia boi de palla, que imploran coa súa vasalaxe a mercé na casa do amo, na sedución dun poder que non terán, áinda que poidan mover cada unha das dúas partes do seu músculo seccionado.

Esa casa do amo, que Rosalía de Castro nunca ocupou.

Pobre Galiza, non debes chamarte nunca española!

Saúde, para pronunciarmos Gaza.

Pola memoria de todas as Cándidas de Sobredo, sementes de vida, mártires asasinadas en Palestina.

Pola memoria de todos os meniños de manteiga, bonitos coma caraveis, asasinados en Palestina.

Pola memoria de todas as raparigas gabaxeiras e lindas, Estreliñas, asasinadas en Palestina.

Pola memoria de todas as Siñas Sinfosas, que levan as contas das mortes do lugar, asasinadas en Palestina.

Pola memoria de toda a mocidade, de todas as alboradas, asasinadas en Palestina.

Saúde, para non sermos cómplices deste xenocidio, despois de Armenia, despois de Auschwitz, despois de Rwanda...

Saúde para Nós, na Terra de Galiza, para reclamarmos o dereito de vivir en harmonía co lugar que desexamos traballar, suco vai, suco vén; onde queremos que viven todos os outros animais e sexan libres todas as marxes coloridas.

Saúde, desde o Ortegal ao Miño, desde o Pico de Trevinca ao Aloia, desde o Careón ao Tegra.

Saúde, pola banda de Laíño, pola banda de Lestrove, por cada lugar que mediou Fontán e situou con precisión no mapa, rostro do país.

Saúde, para defendermos a paisaxe e a vida, contra os pirómanos do monte, coa voz de Pura Vázquez, contra o brazo armado do neoliberalismo máis letal, polas bestas e as vacas, polos soutos, as fragas e as carballeiras, porque aquí os muíños do vento son gigantes que nos mudan o sentido.

Saúde, para impedirmos o espolio, ese franquismo no interior da mina de Touro, toxicidade que mata, para berrarmos alto e claro: Non, Mina de Touro, Non!

Saúde, para impedirmos a destrucción da terra que queremos e labramos, do país dos mil ríos, para contra todo, nun abrazo popular, de mans dadas polo Ulla, berrarmos até a Ría de Arousa, alto e claro: Altri, Non!

Porque vencerse é cousa de se tratar.

Saúde, para defendermos quen nos cura e nos atende, para reclamarmos un ensino de calidade, neste mundo onde mingou a verdade.

Saúde para Nós, e para ti, que vés de fóra, que chegas de duras travesías, agora connosco. Quero que veñas da man de Castelao, aínda que non te chames Panchito...

Quero que me contamines, para ennobelar as túas palabras coas miñas e aprendermos os nomes dos paxaros, os das árbores e atoparmos a flor do xilmendro, e que cando eu che diga: come, neniña come, Ti me digas: iso é Teranga, alimento das palabras entre linguas.

Saúde, para en alegre veciñanza dicirmos: Ola, ríos, Ola, fontes, Ola, regatos pequenos, vista dos meus ollos en que sempre nos veremos...

Porque aquí, a festa facémola Nós: Arriba, toleirona mocidade! Que atruxaremos cantaremos o ala... lá!

Saúde e Terra!

Marga do Val
Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)
#_rdc2025 #SaudeeTerra!